

## Dossier sobre as saídas profesionais da Antropoloxía

<http://agantro.org>  
[agantro@gmail.com](mailto:agantro@gmail.com)

Este dossier utiliza información da web da Asociación de Antropoloxía do Estado Español (ASAE), <https://asae-antropologia.org/antropologia/la-profesion>; da web da UNED –única universidade que imparte o grao de Antropoloxía en Galicia– ([http://portal.uned.es/portal/page?\\_pageid=93,69878185&\\_dad=portal&\\_schema=PORTAL&idContenido=8](http://portal.uned.es/portal/page?_pageid=93,69878185&_dad=portal&_schema=PORTAL&idContenido=8)) o dossier feito pola UNED ([https://qinnova.uned.es/archivos\\_publicos/qweb\\_paginas/3436/gradoenantropologia.pdf](https://qinnova.uned.es/archivos_publicos/qweb_paginas/3436/gradoenantropologia.pdf)) e información de Agantro.

## Sobre Agantro

Saídas  
profesionais da  
antropoloxía

Postos de traballo  
específicos da  
titulación de  
antropoloxía

Postos xerais  
que se poden  
desempeñar  
cun grao de  
antropoloxía  
comúns a  
outras titulacións

Competencias  
xerais do Grao  
de Antropoloxía

A Asociación Galega de Antropoloxía (Agantro) é unha asociación de profesionais da antropoloxía que foi constituída no 29 de xuño de 1993. Ten como obxectivo principal mellorar a profesionalización e desenvolver a antropoloxía, abrindo as canles de comunicación coas administracións, incidindo na inclusión da nosa disciplina naquelas actividades culturais e ofertas de emprego correspondentes á nosa formación. Mais tamén apoiar a posta en valor das múltiples ramificacións da cultura galega e xerar un foro de debate e comunicación no que teñan cabida os diferentes xeitos de entender e practicar a antropoloxía alén da academia, tendendo pontes e fortalecendo as relacións co tecido asociativo que durante tantos anos mantivo viva a investigación e a divulgación.

## Saídas profesionais da antropoloxía

Na actualidade as saídas profesionais para as que capacita o Grao de Antropoloxía, segundo o recoñecemento da ANECA, son:

- Asesores/as técnicos/as no deseño e intervención en políticas sociais e culturais
- Mediadoras/es interculturais en institucións de saúde pública e privada
- Mediadoras/es interculturais en institucións educativas públicas e privadas
- Técnicos/as en desenvolvemento local e comunitario
- Técnicas/os e asesores/as en institucións e organizacións de cooperación ao desenvolvemento
- Técnicos/as de valorización e xestión do patrimonio, sexa cultural ou natural
- Técnicas/os de igualdade e diversidade
- Mediadores/as familiares con especial atención á diversidade
- Técnicas/os de sensibilización ante a diversidade cultural
- Técnicos/as en investigación e produción de contidos propios de diversidade cultural

Postos de traballo  
específicos da  
titulación de  
antropoloxía

Postos xerais  
que se poden  
desempeñar  
cun grao de  
antropoloxía  
comúns a  
outras titulacións

Competencias  
xerais do Grao  
de Antropoloxía

## Saídas profesionais da antropoloxía

A Antropoloxía non só é adecuada para formar profesionais nos campos relacionados coa diversidade cultural, o patrimonio, o desenvolvemento territorial e a cooperación internacional, a docencia ou a investigación aplicada a distintos ámbitos, senón que achega un coñecemento fundamental que permite abrir novos xacementos de emprego.

Postos de traballo  
específicos da  
titulación de  
antropoloxía

Posto que o contido específico da disciplina consiste no estudo da diversidade cultural e das relacións interculturais, pode ofrecer unha contribución decisiva ao estudo e a intervención en temas de gran impacto social como o multiculturalismo, os novos espazos de comunicación, os procesos migratorios, procesos de abandono e despoboamento do medio rural, ou aspectos relacionados coa cidadanía e a igualdade de xénero, temas para os que serán necesarios profesionais formados en Antropoloxía nos próximos anos.

Postos xerais  
que se poden  
desempeñar  
cun grao de  
antropoloxía  
comúns a  
outras titulacións

Ademais destas saídas profesionais non podemos esquecer o ámbito da docencia no ensino secundario, universitario, formación profesional, investigación científica e divulgación.

Por outra banda, existe un gran nicho profesional no ámbito empresarial e do márketing aplicado, publicidade, posicionamento dixital e de marca, innovación tecnolóxica e industrial centrada nas persoas, deseño de produtos, mellora da xestión e rendibilidade empresarial, xestión da conflitividade laboral, mediación nas relacións de traballo, estudos de mercado, etc. Grandes empresas como Microsoft, Intel, IBM, Walt Disney, Netflix, General Motors, Alfa Romeo, Starbucks, Kellog's, etc., contan nos seus postos de traballo con antropólogas/os.

Competencias  
xerais do Grao  
de Antropoloxía

Sobre Aganтро

Saídas  
profesionais da  
antropoloxía

**Postos de traballo  
específicos da  
titulación de  
antropoloxía**

Postos xerais  
que se poden  
desempeñar  
cun grao de  
antropoloxía  
comúns a  
outras titulacións

Competencias  
xerais do Grao  
de Antropoloxía

### **Xestor/a cultural**

Profesional que desenvolve tarefas relacionadas coa promoción e difusión da cultura: produción, distribución, difusión, consumo cultural e formación. Desenvolve tarefas de análise e deseño de plans e programas culturais. Esta actividade profesional pódese situar con referencia a tres eixos principais:

- a) Articula, transforma, valoriza bens e servizos ligados ás referencias culturais dun grupo social.
- b) Xestiona a posta en marcha das accións e programas: a planificación estratéxica, o márketing, a xerencia administrativa e orzamentaria, a xestión de persoal, a xestión e planificación de programas e equipamentos ou a avaliación.
- c) Actúa en distintas fases do proceso do produto: información/formación, creación, produción, distribución, consumo ou conservación do ben ou servizo cultural.

### **Axente de desenvolvemento local**

Profesional que estuda os recursos e posibilidades de desenvolvemento nunha área determinada, catalogando e definindo as demandas da zona, as súas características e necesidades. Analiza e diseña proxectos para o desenvolvemento da comunidade, achegando os recursos á cidadanía.

Trátase dunha figura profesional que impulsa e dinamiza a contorna evitando a diminución dos recursos existentes (desenvolvemento sustentable).

### **Axente de desenvolvemento rural**

Profesional que estuda os recursos e as posibilidades dunha zona rural, elabora plans de desenvolvemento e colabora na súa implantación. O seu obxectivo é conseguir o desenvolvemento integral da zona a través de plans que teñan o menor impacto ambiental posible e que se rexan polas normas vixentes de calidade (desenvolvemento sustentable).

Para iso, entre outras cousas, analiza os proxectos de creación de empresas e informa sobre a normativa legal sobre actividades empresariais (turísticas, agrícolas, gandeiras), as subvencións existentes. Tamén presta asesoramento á poboación rural en xeral, en aspectos económicos, sociais, ambientais e culturais.

Sobre Agantro

Saídas  
profesionais da  
antropoloxía

**Postos de traballo  
específicos da  
titulación de  
antropoloxía**

Postos xerais  
que se poden  
desempeñar  
cun grao de  
antropoloxía  
comúns a  
outras titulacións

Competencias  
xerais do Grao  
de Antropoloxía

**Especialista en patrimonio cultural**

A xestión do patrimonio cultural material e inmaterial e o seu potencial como instrumento para o desenvolvemento local a través do turismo, por exemplo, é un dos ámbitos máis consolidados para o exercicio profesional da Antropoloxía.

Saídas profesionais e actividades: Conservador/a do patrimonio cultural; Técnico/a de museos etnolóxicos, centros de xestión do patrimonio e de exposicións; Xestor/a e técnico/a en patrimonio (catalogación do patrimonio, realización de inventarios de bens inmobles, mobles e actividades de interese etnolóxico, elaboración de informes, plans, programas, proxectos de plan urbanístico, ambiental, investigación e elaboración de informes relativos ao patrimonio cultural e políticas culturais locais e rexionais); Técnico/a en turismo e servizos culturais (promoción turística, plans de desenvolvemento de turismo cultural), entre outros.

**Docente**

Boa parte da especialización profesional das/os antropólogas/os desenvolveuse no ámbito académico.

Saídas profesionais e actividades: Profesor/a de universidade; Profesor/a en ensino secundario e bacharelato; Formador/a de diversos profesionais que precisan de Antropoloxía en materias relacionadas coa diversidade cultural.

Sobre Agantro

Saídas  
profesionais da  
antropoloxía

## Postos de traballo específicos da titulación de antropoloxía

Postos xerais  
que se poden  
desempeñar  
cun grao de  
antropoloxía  
comúns a  
outras titulacións

Competencias  
xerais do Grao  
de Antropoloxía

### **Investigador/a, consultor/a e especialista en intervención social**

A Antropoloxía proporciona unha perspectiva e un conxunto de ferramentas cualitativas para a análise social que están a ser obxecto dunha crecente valoración social e por parte do mercado. Á vez que se rexistra unha maior demanda de investigación aplicada ao deseño, á implantación, ao seguimento e á avaliación de políticas públicas, produciuse unha identificación tamén maior da importancia dos factores socioculturais nas dinámicas sociais.

Xeralmente o labor das/os antropólogas/os refírese a consultorías ou investigacións aplicadas que proporcionan aos/as profesionais as ferramentas necesarias para a intervención social. Realizamos estudos cualitativos para institucións públicas ou privadas que necesiten un coñecemento da realidade social sobre a que quere incidir co obxectivo de facilitar a súa toma de decisións e o deseño de políticas e estratexias de intervención.

Entidades contratantes: concellos, hospitais, centros de saúde, clínicas, centros penais, escolas, institutos de ensino, universidades e centros de investigación, museos e asociacións de xestión cultural, axencias de desenvolvemento local, fundacións culturais, ONGs de desenvolvemento, observatorios sociais e consultorías de investigación e intervención social e de promoción turístico-cultural, empresas de mercadotecnia, entre outras.

### **Axente de igualdade de oportunidades**

Profesional que diseña, dirixe, coordina, dinamiza, implementa, xestiona e avalía plans, programas, proxectos e campañas de acción positiva referidos á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en diferentes áreas e escenarios profesionais. Os seus escenarios profesionais sitúanse prioritariamente nos espazos máis próximos ás necesidades da cidadanía. As administracións locais (concellos, deputacións), unidades comarcais, ou asociacións de mulleres e sindicatos constitúen eses espazos nos que se concretan os dereitos, as posibilidades e as capacidades de acción colectiva, e por tanto revélase como canle inmediata de intervención en igualdade de oportunidades. Os medios de comunicación, as editoriais, en tanto que ocupan unha posición estratéxica na creación de correntes de opinión e na persistencia de certos valores e normas; e as empresas como espazos nos que o desequilibrio nas relacións han de ser corrixidos, son tamén ámbitos da súa actuación.



Sobre Agantro

Saídas  
profesionais da  
antropoloxía

### Postos de traballo específicos da titulación de antropoloxía

Postos xerais  
que se poden  
desempeñar  
cun grao de  
antropoloxía  
comúns a  
outras titulacións

Competencias  
xerais do Grao  
de Antropoloxía

#### Mediador/a intercultural

Profesional que se encarga de utilizar recursos para xestionar a diversidade cultural en diferentes ámbitos sociais (educativo, xurídico, sanitario, laboral) executando actuacións dirixidas a favorecer o proceso de adaptación e integración de persoas inmigrantes, con obxecto de evitar a aparición de conflitos orixinados polo descoñecemento do idioma, os costumes, os prexuizos ou os estereotipos raciais. No estado español esta figura localízase principalmente no ámbito educativo, onde intervén con docentes, alumnado e familias poñendo en marcha actividades como plans de acollida para o alumnado inmigrante, charlas informativas, asesoramento lingüístico, actividades que fomenten o respecto, o recoñecemento da igualdade e a participación, a elaboración de materiais nos idiomas de orixe do alumnado ou a mediación en conflitos. Ademais de traballar nos centros educativos, os/as mediadoras interculturais traballan en ONGs, fundacións, centros de mediación dependentes de concellos ou sindicatos.

#### Museólogo/a

Profesional que se encarga da conservación, documentación, xestión, investigación, difusión, pedagogía e exposicións nos museos. A Museoloxía é a ciencia que trata dos museos, da súa historia, o seu influxo na sociedade, ou das técnicas de conservación e catalogación. Poden desenvolver o seu labor profesional en campos tan variados como a conservación, restauración, difusión, educación e xestión, entre outros.

Sobre Aganтро

Saídas

profesionais da  
antropoloxía

## Postos de traballo específicos da titulación de antropoloxía

Postos xerais  
que se poden  
desempeñar  
cun grao de  
antropoloxía  
comúns a  
outras titulacións

Competencias  
xerais do Grao  
de Antropoloxía

### **Técnica/o en xestión do coñecemento**

Profesional que se encarga de transferir o coñecemento e experiencia existente nas persoas dunha organización, de modo que poida ser utilizado como un recurso dispoñible para outros, para a obtención dun maior rendemento social, empresarial ou persoal.

Implanta, desenvolve e avalía plans de xestión do coñecemento, a través do tratamento do documento como unidade primaria de información. O seu obxectivo final é extraer información de valor engadido, capturar o seu significado, organizalo, facelo dispoñible e convertelo finalmente en coñecemento, nunha sociedade como a actual na que existe unha gran cantidade de información dispoñible.

Nos últimos anos foron emerxendo diferentes técnicas para estudar os sistemas de información e xestionar o coñecemento, como a intelixencia artificial ou os sistemas de xestión de bases de datos.

### **Técnica/o en planificación e xestión de servizos sociais e asistenciais**

Profesional que se encarga de planificar e xestionar os servizos e actuacións sociais que teñen por obxecto fomentar o desenvolvemento do benestar social da cidadanía. O obxectivo destes servizos é poñer ao dispor das persoas, grupos e comunidades, medios e apoios necesarios para o desenvolvemento digno da súa personalidade, dentro do contexto psicofísico e social de cada individuo, promovendo a súa participación na vida cidadá e desenvolvendo a prevención e eliminación das causas que conducen á súa marxinação.

### **Especialista en deseño e elaboración de materiais didácticos**

Profesional responsable da elaboración de ferramentas impresas, audiovisuais ou multimedia, que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe e que sirvan como apoio ao desenvolvemento de programas educativos ante unha necesidade formativa previamente detectada. Estes materiais poden ter dúas funcións: como apoio no ensino presencial ou como material de autoaprendizaxe en formación a distancia.

Pode especializarse no deseño de produtos, principalmente de xoguetes dirixidos a mellorar a psicomotricidade, a creatividade ou a aprendizaxe de certas materias como os idiomas, as matemáticas ou a linguaxe.

Sobre Agantro

Saídas

profesionais da  
antropoloxía

A titulación no Grao en “Antropoloxía” dá acceso a postos xerais e comúns a outras titulacións como, por exemplo:

Actividades extraescolares

Animador/a sociocultural

Arquiveiro/a

Bibliotecario/a

Captador/a de fondos (Fundraiser)

Comercial

Comisario/a de exposicións

Comunicación empresarial

Consultor/a de formación

Consultor/a

Cooperación e desenvolvemento

Corrector/a

Crítico/a

Diplomático/a

Postos de traballo  
específicos da  
titulación de  
antropoloxía

**Postos xerais  
que se poden  
desempeñar  
cun grao de  
antropoloxía  
comúns a  
outras titulacións**

Competencias  
xerais do Grao  
de Antropoloxía

Sobre Agantro

- Iniciativa e motivación
- Planificación e organización
- Manexo adecuado do tempo

Saídas  
profesionais da  
antropoloxía

- Análise e síntese
- Resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas
- Pensamento creativo
- Razoamento crítico
- Toma de decisións

Postos de traballo  
específicos da  
titulación de  
antropoloxía

- Seguemento, monitoraxe e avaliación do propio traballo ou doutros
- Aplicación de medidas de mellora
- Innovación
- Comunicación e expresión escrita
- Comunicación e expresión oral
- Comunicación e expresión científica e tecnolóxica

Postos xerais  
que se poden  
desempeñar  
cun grao de  
antropoloxía  
comúns a  
outras titulacións

- Competencia no uso das TIC
- Competencia na busca de información relevante
- Competencia na xestión e organización da información
- Competencia na recolección de datos, manexo de bases de datos e a súa presentación
- Habilidade para coordinarse co traballo de outros
- Habilidade para negociar de forma eficaz
- Habilidade para a mediación e resolución de conflitos
- Habilidade para coordinar grupos de traballo
- Liderado (cando se estime oportuno nos estudos)
- Compromiso ético
- Ética profesional

**Competencias  
xerais do Grao  
de Antropoloxía**



**AGANTRO**

<http://agantro.org>  
[agantro@gmail.com](mailto:agantro@gmail.com)

Agantro forma parte da  
Asociación de Antropoloxía do Estado Español (ASAE)

**ASA**  
**EE** *asociación  
de antropología  
del estado español*